



Prezadas familias:

O luns 27 de abril, a Consellería de Educación publicaba as instrucións relativas ao desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019-20. En base a elas, á orde ministerial do 24 de abril e ao principio de autonomía pedagóxica contemplada na vixente lei de educación, o CEIP Alfonso D.Rodríguez Castelao de Vigo informa á Comunidade Educativa do criterio de actuación decidido:

Ante esta situación e os condicionantes de cada neno, nena e familia, entendemos que o terceiro trimestre non pode prexudicar a avaliación final do alumnado. Este período actual "non presencial" só poderá ter un valor positivo para a cualificación e adicarse a actividades relacionadas co repaso e afianzamento de aprendizaxes anteriores. Terá na súa esencia un carácter interdisciplinar e globalizado. Por outra banda, as propostas didácticas e plans de traballo suxestionados poderán ser flexibilizados coa finalidade de "non penalizar ou afectar ao benestar do alumnado, nin sobrecargalo de tarefas excesivas".

Ademais de todo isto, é preciso lembrar a importancia de manter, nestes dous meses que quedan de curso, hábitos e dinámicas de traballo, necesarias non só para a vida académica dos rapaces senón para o seu desenvolvemento persoal. Neste sentido queremos agradecer o labor e implicación das familias no seguimento e axuda na resolución das tarefas propostas dende a escola: Moitas grazas.

A avaliación final farase tendo en conta o traballo realizado na primeira e segunda avaliación. Aínda así, durante esta 3ª avaliación:

📍 É absolutamente necesario que o alumnado envíe ao profesorado o traballo que este marque.

📍 Se houber dificultades de envío debe comunicarse esta circunstancia, xa que serán estes traballos os que se terán en conta para beneficiar ao alumnado na nota final.

📍 O centro ten a obriga de informar á Inspección Educativa sobre o alumnado que non estea en contacto co profesorado ou que non envíe as tarefas requiridas.

📍 Se non houber forma de solucionar o problema de entrega, arbitraremos fórmulas para que todos os traballos sexan recollidos no domicilio ao final deste período excepcional.

Como xa sabedes, intentaremos manter un contacto máis estreito durante o tempo que dure o confinamento, precisamente, para aclarar dúbidas, formular preguntas, coñecer as vosas circunstancias persoais, poder falar coas nenas e cos nenos...

Por último, en caso de precisar máis información podedes poñédevos tamén en contacto co equipo directivo do centro no 886120253 ou ben no correo electrónico: ceip.castelao.vigo@edu.xunta.gal

Sáudos e moita saúde.

O Equipo Directivo do Ceip Alfonso D.Rodríguez Castelao